

# MISTERIO

## NO PICO DE FERREIRA

Todos saben que en Ferreira hai un monte que se chama o Pico de San Vicente. Pois ben; fai uns anos o Axuntamento decidiu montar un mirador no mesmo curuto. A idea non estaba mal, pois dende alí cóntémprase unha boa vista panorámica. Parece que hastra había un algo de subvención pra facer esa obra. Abriuse a pista e, anque apareceron algunhos problemas cos donos dos terreos, foise chegando hastra o curuto, onde fixeron unha esplanada. Pero tamén alí voltaron a aparecer problemas cos que decían que tiñan propiedades alí.

O que non sabemos é se eses señores amostraron algún documento co que acreditaran que aquilo era deles. Pero si sabemos que a pista foi cerrada cón unhas barandas.

Parece ser certo que na cima houbo un convento xa fai moitos anos; en Ferreira son moitos os que din haber ouvido eso aos seus antergos. Certamente que ao facer a esplanada apareceron restos dalgunha edificación. E xa antes de achar aquilo, dous rapaces atoparon un pozo no mesmo pico e foron cavar veces e veces pra ver qué tiña e a onde chegaba. Despóis as máquinas atoaron todo, demostrando así a nosa gran cultura. Daquela quedou alí bailando unha gran pedra e os veciños tiñan medo de que se lles viñera encima das casas. Hastra agora non baixou, pero..

Pois ben; volvendo ao do mirador, polo de agora non hai máis que toxos, e, se a iso se lle chama mirador, hainos por todos os lados.

O primeiro ano veu moita xente perguntando polo mirador de Ferreira, e era unha vergonza mandalo prao Pico, posto que chegaban alí e o mirador non aparecía, nin tan siquera unhos bancos de pedra pra sentarse, que xa era algo.

Era ben que o Axuntamento lle seguira dando empuxe a esto como parecía que iba ser cando se empezou a falar do mirador.

